

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DIRECTOR/A ARTÍSTICO/A DA BANDA DE MÚSICA DE SANXENXO

1. Obxecto da convocatoria

A Sociedade Musical de Sanxenxo abre un **proceso selectivo para a praza de Director/a Artístico/a da Banda de Música de Sanxenxo**. Este proceso ten como finalidade seleccionar a persoa candidata que resulte máis axeitada para asumir a dirección da agrupación e contribuír ao seu desenvolvemento e continuidade.

2. Funcións do posto

Corresponderán á persoa que resulte seleccionada, entre outras, as seguintes funcións:

- Planificar, preparar e dirixir os **ensaios** da Banda de Música de Sanxenxo.
- Dirixir os **concertos**, procesións, pasarrúas e calquera outra actividade musical na que participe a Banda de Música de Sanxenxo.
- Diseñar e propoñer o **repertorio** musical de acordo ás características e necesidades da banda, así como aos diferentes compromisos e proxectos artísticos programados.
- Colaborar coa Xunta Directiva na **organización e produción** de concertos e actividades da agrupación.
- Favorecer a **integración** e participación dos/as músicos/as, así como un ambiente de traballo respectuoso e colaborativo.
- Colaborar, na medida en que se estableza coa entidade, coa Escola Municipal de Música de Sanxenxo e coa accións orientadas **á incorporación e continuidade de novo alumnado e músicos/as na agrupación**.
- Participar na **planificación de novos proxectos e iniciativas** que contribúan ao crecemento e proxección artística da Banda de Música de Sanxenxo.
- Desenvolver aquelas **outras funcións** relacionadas coa dirección artística da banda, sempre dentro do ámbito das súas competencias e da relación contractual establecida.

3. Requisitos

- a) Ser **maior de idade**.
- b) Estar en posesión do **título superior de música de interpretación ou dirección** (ou en situación de telo).
- c) Estar en **situación legal** para formalizar unha **relación laboral** coa Asociación.
- d) Estar en posesión de **certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais**.

A Xunta Directiva poderá valorar, de **maneira excepcional, candidaturas que non cumpran a totalidade dos requisitos relativos á titulación académica**, sempre que se xustifique cunha traxectoria artística ou profesional de especial relevancia.

4. Presentación de solicitudes

As persoas interesadas deberán **presentar a súa candidatura mediante o envío da documentación indicada no punto 5** destas bases ao enderezo de correo electrónico: **bmusicasanxenxo@gmail.com**.

O prazo de presentación de candidaturas **comezará o día de publicación destas bases e finalizará ás 23:59 horas do día 5 de outubro de 2026**.

Non se admitirán as candidaturas presentadas fóra do prazo establecido, agás que a Xunta Directiva acorde expresamente a súa ampliación.

A presentación dunha candidatura implica a aceptación das presentes bases.

5. Documentación requirida

As persoas candidatas deberán achegar a seguinte documentación:

- a) **Fotocopia do DNI**, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- b) **Currículo vitae actualizado**, no que se detallen aqueles **méritos** que a persoa aspirante considere relevantes para a súa valoración como director/a. O currículo tamén deberá incluír os **datos de contacto do/a candidato/a**.
- c) Copia da **titulación** requirida ou xustificante do pago para a súa expedición. No caso de estar en situación de obter o título, tamén poderá acreditarse cunha copia oficial do expediente académico.
- d) Proposta de **proxecto artístico e de traballo para a Banda de Música de Sanxenxo**, no que se inclúan os seguintes aspectos:
 - Motivación persoal.
 - Obxectivos artísticos e musicais.
 - Proposta de organización e metodoloxía do traballo coa banda.
 - Proposta para un concerto nas Festas de Santa Rosalía de Sanxenxo e para o concerto do 25 aniversario da Banda, coa súa debida xustificación.
- e) **Calquera outro material** que a persoa candidata considere de interese para valorar a súa candidatura (concertos, gravacións, premios, concursos...).
- f) **Certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais**.

A Sociedade Musical poderá requirir ás persoas candidatas a presentación dos documentos orixinais ou de documentación complementaria para comprobar a veracidade dos datos e méritos alegados. A falsidade, ocultación ou inexactitude relevante da información achegada poderá supoñer a exclusión do proceso de selección ou, se procede, a anulación da contratación realizada.

6. Proceso de selección

6.1. Fases do proceso de selección

O proceso constará das seguintes fases:

Fase 1: Valoración do currículo e do proxecto artístico

Nesta primeira fase valorarase a formación, a experiencia e os méritos acreditados polas persoas candidatas, así como a calidade e adecuación do proxecto. **Seleccionaranse un máximo 10 candidaturas** entre todas as recibidas para acceder á seguinte fase.

Fase 2: Entrevista persoal e exposición do proxecto

As persoas seleccionadas na primeira fase serán convocadas a unha entrevista presencial, que terá lugar o día **17 de outubro de 2026**.

Durante a entrevista, cada persoa candidata deberá presentar e defender o seu proxecto artístico. Tamén poderán formularse preguntas relacionadas coa experiencia profesional da persoa candidata, o seu modelo de traballo etc.

Así mesmo, informarase ás persoas candidatas das condicións contractuais asociadas ao posto.

Fase 3: Proba coa Banda de Música de Sanxenxo

As persoas candidatas que superen a segunda fase, realizarán unha **proba de dirección coa Banda de Música de Sanxenxo o día 7 de novembro de 2026**.

Esta proba terá unha duración de **1 hora e 15 minutos** por persoa candidata.

Durante a proba, cada aspirante deberá traballar coa agrupación:

- **1 obra de libre elección**, seleccionada pola persoa candidata.
- **1 obra de carácter obrigatorio**, que será comunicada ás persoas candidatas no momento en que se lles notifique a súa admisión á fase de proba.

6.2. Órgano de selección

O proceso selectivo será avaliado por un tribunal integrado pola Xunta Directiva da Sociedade Musical de Sanxenxo e dous asesores/as que formen parte do cadro de músicos da banda.

Para a Fase 3, terase en conta a valoración dos músicos asistentes á proba. Os músicos participantes completarán unha enquisa de valoración anónima e individual, na que avaliarán o desempeño do candidato en aspectos artísticos e de dirección. As valoracións emitidas polos músicos serán tidas en conta xunto coas do resto do tribunal para a determinación do resultado final.

7. Incomparecencias e renuncias

A non comparecencia dunha persoa candidata ás fases presenciais na data e hora establecidas, salvo causa de forza maior debidamente xustificada e aceptada pola organización, entenderase como renuncia á súa participación no proceso.

Os atrasos que impidan o normal desenvolvemento das probas poderán ser considerados, igualmente, como causa de exclusión.

8. Resolución do proceso selectivo

O tribunal, tendo en conta as valoracións realizadas nas distintas fases do proceso e a valoración complementaria dos músicos/as participantes na fase 3, formularán unha proposta de resolución a favor do candidato/a que consideren máis axeitado/a para o cargo.

O acordo será comunicado formalmente á persoa interesada, que deberá formalizar coa Sociedade Musical de Sanxenxo a correspondente relación contractual.

A Sociedade Musical de Sanxenxo reservarase a facultade de declarar deserto o proceso de selección se considera que ningunha das candidaturas presentadas reúne as condicións axeitadas para o posto.

9. Protección de datos

Os datos persoais facilitados polas persoas participantes serán tratados exclusivamente para a xestión e desenvolvemento do presente proceso de selección e para as actuacións necesarias relacionadas coa eventual contratación, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

10. Interpretación das bases

A Xunta Directiva queda facultada para a interpretación destas bases.

Calquera cuestión non prevista expresamente nestas bases será resolta pola Xunta Directiva da Sociedade Musical de Sanxenxo.

A Xunta Directiva,

En Sanxenxo, a 14 de setembro de 2026